



Actividade sobre o CAMIÑO DE SANTIAGO PORTUGUÉS.

ETAPAS

Tui- Porriño- Redondela- Pontevedra- Caldas de Reis- Padrón- Santiago de Compostela.

1) Comezamos a primeira etapa da viaxe na cidade de **Tui**, unha cidade moi antiga da que temos que buscar os seguintes datos:

Situación, provincia, comarca, superficie, poboación, xentilicio.

2) **Tui** é unha cidade moi fermosa a orillas do río **Miño**. Deste río temos que saber: onde nace, cidades e pobos por onde pasa, onde desemboca, cales son os seus afluentes e que lonxitude ten.

3) Un dos monumentos máis importantes é a Catedral, busca información sobre a súa construción e estilos empregados.



4) Outro monumento importante, aínda que máis moderno, é a Ponte Internacional Vella. Tamén temos que buscar todo o que poidamos sobre ela.



5) Saímos de Tui cara a o **Porriño**. Cantos Km temos que andar? Poñelo tamén en hm, dam e m.

- 6) Chegamos a **Redondela**, aquí faise unha festa que representa unha lenda onde aparecía un dragón moi malo. Que nome ten esta festa?
- 7) De Redondela a **Pontevedra**. Como se chama o río que pasa por esta cidade?
- 8) Xa estamos en **Caldas de Reis**, esta vila fundárona os romanos porque aquí había algo que gustáballes moito. Que era?
- 9) Si xa estou en **Padrón**. Cantos km me faltan para Santiago? En que provincia estou?
- 10) Fin do camiño, chegamos a **Santiago de Compostela** que é a capital de Galicia . **Temos que saber**: Como se chama a praza que está diante da fachada principal da catedral? Que edificios principais a arrodean?